



XUNTA  
DE GALICIA

Escolas Abertas  
2026

Programa de  
actividades  
8-20 de Xullo

Especialidade de Gaita  
Mestre: Víctor Bouzas

# INTRODUCCIÓN

---

Na especialidade de Gaita Galega das escolas abertas o alumnado fórmase como instrumentista e acada un amplo coñecemento a nivel técnico, musical e de repertorio, motivo polo que é preciso dominar minimamente o instrumento para poder aproveitar os contidos desta formación.

A programación prevista ten coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación musical de calidade e garantir a cualificación dos gaiteiros e gaiteras asistentes. Así mesmo, atende ao marco legal de educación vixente, tendo como base as distintas programacións dos conservatorios dependentes da Xunta de Galicia.

Dado o carácter individualizado das ensinanzas instrumentais, o profesor desenvolverá a súa estratexia de aula e seleccionará o material e os recursos didácticos atendendo ás necesidades específicas do grupo.

En canto á metodoloxía, farase unha toma de contacto na primeira sesión para obter datos que permitan realizar unha avaliación global e partir dos coñecementos previos.

As ferramentas de traballo na aula serán fundamentalmente as pezas, de forma que o alumnado coñeza o repertorio fundamental da música tradicional así como o das cornamusas afíns. Isto completarase con exercicios, estudos específicos etc., para solucionar as distintas dificultades que están desenvolvidas nos obxectivos do curso. O traballo co instrumento completarase coa utilización da frauta rectificadora como complemento á interpretación no instrumento.

## ÍNDICE

OBXECTIVOS

CONTIDOS

RECURSOS DIDÁCTICOS

PROGRAMACIÓN

## OBXECTIVOS

- Coñecer os recursos básicos interpretativos da gaita galega, tales como a afinación, articulación, ornamentación e tempero.
- Saber preparar e afinar a gaita ou punteiro tanto para tocar en solitario coma con acompañamento.
- Adquirir autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, o mantemento e a afinación do instrumento.
- Tocar con ronco, ronqueta ou chión empregando e coordinando distintas afinacións.
- Practicar de xeito progresivo e permanente a memoria musical.
- Participar en interpretacións e prácticas de música colectiva.
- Coñecer o repertorio tanto solista coma de conxunto dentro dos diferentes estilos tradicionais e contemporáneos.
- Utilizar con soltura a lectura a primeira vista e a improvisación nos sistemas de Do e Re.
- Interpretar de memoria parte do repertorio traballado ao longo do curso.
- Ser consciente da importancia do traballo de investigación da música tradicional, axudando a coñecela e preservala.
- Ser capaz de ornamentar unha peza musical baseándose nuns criterios estilísticos propios.
- Integrar os coñecementos previos con nova información, sacando proveito das novas aprendizaxes e correntes musicais.
- Desenvolver hábitos saudables e técnicas de relaxación á hora de tocar para evitar o medo escénico.
- Conseguir autonomía na aprendizaxe de novos contidos así coma na resolución de problemas ligados á gaita.

- Practicar todos os adornos traballados e todas as súas combinacións, experimentando coas diferentes dixitacións posibles.
- Ter interese polo estudo da gaita, o seu contexto histórico e a música en xeral.
- Traballar e esforzarse con constancia ante as dificultades propias da aprendizaxe do instrumento.

## CONTIDOS

- O tempero e o control físico do fol.
- A afinación e posta a punto da gaita galega.
- Afinación dos diferentes elementos sonoros: punteiro, ronco, ronqueta e chión.
- Manipulación, mantemento e traballo práctico da palleta e do pallón.
- Estudo dos aspectos formais, melódicos e estéticos das pezas e composicións para gaita.
- Adestramento e desenvolvemento da memoria musical.
- Lectura a primeira vista.
- Principios da educación musical: conceptos de educación, pedagogía e didáctica aplicados á gaita.
- Coñecemento e valoración do papel da dirección e a súa influencia no resultado das agrupacións de música tradicional.
- Perfeccionamento da capacidade auditiva en relación a aspectos harmónicos, formais, tímbricos e expresivos.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- Punteiros de estudo e follas de práctica.
- Palletas, pallóns, fío de algodón e cera/cepo para a afinación e compensación.

- Equipo de son e vídeo (tipo proxector), para apoiar e facilitar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante un soporte audiovisual e escoita de audicións.

Material bibliográfico de referencia:

- Enríquez, Pablo & Vázquez, Carlos (2002): Manual de Gaita Galega. Edicións do Cumio.
- Foxo, Xosé Lois (2015): Os Secretos da Gaita. Edicións Deputación de Ourense.

# PROGRAMACIÓN

## XORNADA 1

Presentación do programa, toma de contacto co temario e coñecemento do nivel do alumnado.

- Introducción ao tempero: Que é o tempero? Conceptos físicos básicos.
- Diferenzas técnicas e de execución entre tocar duro e tocar brando.
- Exercicios prácticos iniciais para mellorar a presión do fol e a estabilidade do tempero.
- A lectura musical na gaita: sistemas en Do e Re.
- Exercicios básicos de lectura a primeira vista.

## XORNADA 2

- Quecemento e exercicios de control do tempero.
- A afinación na gaita: conceptos básicos, afinación natural e afinación temperada.
- O punteiro: técnicas de compensación, corrección e afinación mediante o uso de celos.
- A palleta: criterios de elección, colocación na buxa e proceso de rodaxe desta.
- Práctica de exercicios individuais de afinación do punteiro.
- Lectura e execución de partituras sinxelas aplicando o tempero correcto.

## XORNADA 3

- Quecemento e exercicios técnicos de dixitación.
- Afinación avanzada: afinación dos diferentes elementos sonoros da gaita galega (ronco, ronqueta e chión).

- Utilización e combinación dos diferentes bordóns segundo a tonalidade da melodía.
- A palleta: manipulación, raspado, rebaixado e traballo práctico de mantemento.
- Exercicios prácticos de afinación a dúo de gaitas (punteiro con punteiro e posta en común de bordóns).
- O contexto tonal dunha melodía e os recursos técnicos propios para a súa interpretación.
- O fraseo musical na gaita galega: recursos técnicos e expresivos.
- A ornamentación: estudo dos adornos tradicionais galegos, de todas as súas combinacións e análise comparativo coa ornamentación doutras gaitas do mundo.
- Práctica de exercicios para a estimulación e adestramento da memoria musical.

#### XORNADA 4

- Quecemento centrado na flexibilidade de dedos e na ornamentación.
- Técnicas de estudo e aproximación ao medo escénico: exercicios de relaxación física e mental antes de tocar.
- O escenario: dominio do espazo escénico, recursos de colocación e exercicios previos para unha interpretación de calidade.
- A estética e a expresión corporal ao tocar a gaita: sensibilización cara ao movemento do corpo e á proxección musical.
- Posta en práctica do aprendido mediante a execución de memoria de pezas curtas do repertorio.

#### XORNADA 5

- Quecemento e afinación do instrumento.

- Introducción á pedagogía musical: principios da educación musical, conceptos de educación, pedagogía e didáctica.
- Breve historia da educación musical e fases do desenvolvemento evolutivo aplicadas ao ensino do instrumento.
- As escolas pedagóxicas, os métodos actuais e os seus recursos aplicados ao ensino da música.
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula: o profesorado como planificador, as programacións e as unidades didácticas.
- Contidos, recursos didácticos, novas tecnoloxías aplicadas e o concerto como recurso didáctico.

## XORNADA 6

- Quecemento grupal.
- Introducción á dirección musical nas agrupacións de gaita: o papel que desempeña a figura da dirección e a súa influencia no resultado final.
- Perfeccionamento da capacidade auditiva: recoñecemento de aspectos harmónicos, formais, tímbricos, de textura e expresivos no conxunto.
- Análise de partituras cunha finalidade interpretativa dende o punto de vista da dirección musical: hábitos e estratexias aplicables tamén á interpretación individual.
- Coñecemento das principais agrupacións musicais galegas: estrutura, características, técnicas de estudo de partituras e sistemas de ensaio.
- Exercicios para o desenvolvemento da independencia e o control psicomotriz necesario para a técnica de dirección básica.

## XORNADA 7

- Quecemento e afinación conxunta das gaitas.
- Montaxe das melodías escollidas para o concerto de final de curso.
- Aplicación práctica dos criterios estilísticos de ornamentación propostos tanto polo profesorado coma polo propio alumnado sobre o repertorio final.
- Revisión grupal e individual das pezas, corrixindo erros de dixitación, estabilidade de tempero e afinación de bordóns.
- Ensaio xeral das pezas colectivas.

## XORNADA 8

- Coloquio destinado á aclaración de dúbidas sobre todo o visto ao longo do curso (afinación, pedagogía, dixitacións, etc.).
- Repaso práctico dos exercicios máis relevantes de control de aire e adornos.
- Ensaio das melodías para o festival de clausura, aplicando as oportunas indicacións de expresión corporal, dinámica e dirección musical.
- Ensaio xeral do conxunto.

## XORNADA 9

- Ensaio xeral final coas agrupacións formadas.
- Proba de son (afinación exacta do conxunto de punteiros e bordóns baixo as condicións do espazo).
- Gala de clausura e concerto final.